

CARBALLO EMPRENDE 2009

BASES CONCURSO

“II PREMIO IDEAS EMPRESARIAIS”

Primeira: Obxectivos.

Esta iniciativa sitúase dentro do eido de actuación da Concellaría de Promoción Económica do Concello de Carballo: Promover a cultura emprendedora e impulsar a aparición de novas actividades económicas.

Os obxectivos específicos que se pretenden acadar con esta iniciativa son:

- Promover a cultura emprendedora.
- Impulsar a creación de proxectos empresariais.
- Facilitar a creación de postos de traballo e presentar o autoemprego como unha opción viable para a inserción laboral.

Segunda: Requisitos dos participantes.

Poderán participar no Premio Ideas Empresariais:

- a) Os socios/ás promotores dunha empresa de nova creación.
- b) Calquera emprendedor/a ou grupo de emprendedores/ás que teñan un proxecto de empresa con compromiso de posta en marcha.

Considerarase empresa de nova creación aquela xa constituída con data de inicio de actividade, como máximo, nos dous anos anteriores á data límite de presentación de solicitudes para participar no premio.

Terceira: Ámbito territorial.

Todos os proxectos de empresa presentados deberán poder ser desenvolvidos no municipio de Carballo.

Cuarta: Criterios de valoración.

Para valorar as candidaturas teranse especialmente en conta os seguintes criterios:

- a) Viabilidade da idea empresarial.
- b) Vinculación do proxecto coas necesidades económicas e sociais do municipio de Carballo, a Comarca de Bergantiños e a Costa da Morte.

- c) Carácter innovador do proxecto.
- d) Creación de emprego, directo e indirecto.

Quinta: Xurado.

O xurado estará integrado por dous membros en representación da Cámara de Comercio da Coruña e dous membros en representación do Concello de Carballo, un deles o Concelleiro de Promoción Económica, que actuará como Presidente do xurado.

As decisións do xurado serán inapelables e adoptaranse por maioría simple. En caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente do xurado.

Sexta: Dotación dos premios.

Por parte do Concello de Carballo concederanse tres premios aos proxectos que obteñan unha maior puntuación segundo o ditame do xurado: un primeiro premio de 1.200 euros, o segundo premio estará dotado de 1.000 euros e o terceiro de 800 euros.

Estes premios concederanse, no caso de empresas non constituídas, no momento en que xustifiquen a súa constitución coa correspondente documentación de alta no censo de obrigados tributarios en Facenda.

Por parte da Cámara de Comercio de A Coruña concederanse un primeiro, segundo e tercer premio consistentes na bonificación da cuota de cesión (gratuita) dun espazo no seu Viveiro de empresas en Carballo durante un período de 12, 9 e 6 meses respectivamente, aos tres proxectos que cumpran os requisitos de admisión do Viveiro (segundo o Regulamento de Funcionamento), non se atopen na actualidade nas instalacións do mesmo e teñan unha maior puntuación segundo o ditame do xurado.

Os proxectos galardoados poderán facer publicidade de dita condición, especificando o ano no que foron premiados. O Concello de Carballo e a Cámara de Comercio de A Coruña poderá facer difusión e publicidade dos proxectos gañadores.

Sétima: Documentación e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes de participación poderanse presentar ata o 16 de maio de 2009 ás 13 horas no Concello de Carballo, Praza do Concello, s/n, 15100 - Carballo. A documentación a presentar será a seguinte:

- a) Solicitud de participación cuberta e asinada (Anexo I).
- b) Declaración xurada de veracidade de datos, cuberta e asinada (Anexo II).

A presentación desta declaración non exclúe as posteriores comprobacións de documentos acreditativos que puidese levar a cabo o comité organizador para a verificación dos datos.

- c) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou documento análogo do solicitante.
- d) Memoria da idea empresarial. Cun máximo de 5 páxinas (DIN-A4) a unha soa cara, mecanografadas ou redactadas mediante procesador de texto.

Na memoria da idea empresarial deberase facer referencia de xeito breve e conciso aos seguintes aspectos:

1. Orixe da idea

- 1.1. Explicar como xurdiu a idea.
- 1.2. Obxectivos que se queren acadar con esta iniciativa.

2. Descrición do proxecto

- 2.1. Promotores da idea: Especificar o número de postos de traballo que se crearían, tanto por conta propia coma por conta allea.
- 2.2. Descrición da idea: Realizar unha descrición o máis breve posible da idea, sinalando se se trata dun novo produto/servizo; se se trata dunha mellora produtiva; as necesidades que satisfai...
- 2.3. ¿Cal é a vantaxe competitiva que incorpora esta idea? ¿Qué novidade ou trazo presenta que o pode diferenciar do que xa existe? Sinalar o carácter innovador da idea.
- 2.4. ¿Cal é o seu impacto económico e social en Carballo, Comarca de Bergantiños e Costa de Morte? ¿Contribuiríase indirectamente á creación de emprego na rexión?

3. Viabilidade do proxecto

- 3.1. Explica a viabilidade da idea empresarial: Dende o punto de vista da produción/prestación do produto/servizo; dende o punto de vista económico e financeiro.

4. Información complementaria

- 4.1. Toda a información que ao seu xuízo poida ser tida en conta para este premio.

Oitava: Entrega de Premios.

Os premios entregaranse aos galardoados durante a clausura das xornadas "*Carballo Emprende 2009*" que terán lugar no Viveiro de Empresas da Cámara de Comercio en Carballo os días 20 e 21 de maio de 2009.

Novena: Protección de Datos.

Os datos de carácter persoal recollidos na documentación entregada polos participantes serán tratados en conformidade coa Lei Orgánica 15/99, de Protección de Datos de carácter persoal e normativa acorde. Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria de premios e só poderán ser cedidos ás entidades colaboradoras na organización e patrocinio dos premios.

Décima: Aceptación. A concurrencia nesta convocatoria supón a plena aceptación destas bases.

ANEXO I

Carballo Emprende 2009**Solicitud de participación no I Premio Ideas Empresariais**

D. _____ D.N.I. _____
con domicilio en _____
C.P. _____ Rúa _____ nº _____ piso _____
Teléfono _____, actuando en representación da entidade (se procede)

N.I.F. _____, con domicilio social en _____
C.P. _____ Rúa _____ nº _____ piso _____
Teléfono _____

EXPÓN:

Que cumpre os requisitos establecidos nas bases de concurso do I Premio Ideas Empresariais.

SOLICITA:

Que sexa incluída, aos únicos efectos de participar no devandito premio, a memoria de proxecto empresarial que se achega.

En _____, a _____ de _____ de 2009

Fdo.

ANEXO II

*Carballo Emprende 2009***Declaración xurada**

Eu, _____ con DNI _____, en representación da entidade (se procede)_____.

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Que todos e cada un dos datos contidos na memoria da empresa presentada para a participación no I Premio Ideas Empresarias son verídicos, salvo erro ou omisión.

Que son coñecedor das bases de concurso e que as acepto.

Esta declaración realizarase para que conste para aos efectos oportunos.

En _____, a _____ de _____ de 2009

Fdo.